

## **MOCIÓN DE AER SOBRE IBI DA IGREXA**

PLENO 26 ABRIL 2012. ACTA 7/2012

Antecedentes

Moción de AER que, transcrita, dí:

Jorge Varela Couñago, voceiro da Agrupación de Electores de Redondela, en base o artigo 19 do réxime orgánico do concello de Redondela, e o artigo 97 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; recollendo unha iniciativa do Grupo Local de Esquerda Unida, presenta a seguinte MOCIÓN ao obxecto de ser incluída na orde do día do pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esquerda Unida considera necesario mudar o sistema recadatorio do Estado, que carece de progresividade e incumpre a necesaria equidade de que pague máis quen máis teña.

O 31 de decembro publicouse o Decreto Lei 20/2011, do 30 de decembro de 2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público. Unha das principais “medidas temporais e progresivas”, do goberno de Rajoy en materia tributaria foi o aumento do IBI.

Dende Esquerda Unida tamén queremos facer mención do artigo 62 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, onde se fala das exencións do IBI. No punto c di que estarán exentos “Los de la iglesia católica, en los términos previstos en el Acuerdo Español y la Santa Sede sobre Asuntos Económicos de 3 de enero de 1979, y los de las asociaciones confesionales no católicas legalmente reconocidos, en los términos establecidos en los respectivos acuerdos de cooperación suscritos en virtud de lo dispuesto en el artículo 16 de la Constitución.”

Esta exención total e permanente da contribución territorial urbana afecta a templos e capelas, residencias de bispos e sacerdotes, oficinas, seminarios e conventos. Como a Igrexa Católica probablemente sexa o máis importante propietario inmobiliario do Estado, este privilexio provoca que as arcas públicas deixen de recadar uns 3.000 millóns de euros, mentres que o aumento deste imposto si vai afectar ao peto da maioría da cidadanía, demostrando unha vez máis que o peso tributario non se reparte de forma equitativa nin xusta.

Esquerda Unida reivindica a efectiva separación entre a Igrexa e o Estado. Por todo isto, Esquerda Unida propón ao Pleno do concello de Redondela a seguinte proposta de ACORDOS

Primeiro.- Que se inste a modificar o artigo 62 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e se suprima a exención do IBI nos bens inmoebles propiedade da igrexa católica.

2-Que se faga un censo, neste municipio, dos bens inmobles rústicos e urbanos que están censados e rexistrados a nome da igrexa católica e doutras confesións relixiosas, así como das súas entidades e asociacións afíns.

3-Que se inste ao Parlamento Español a que se derroguen (ou se incumpran) os Acordos do Estado español coa Santa Sé, especialmente o de Asuntos Económicos, xa que esta entidade relixiosa incúmpreos, obrigando á autofinanciación da igrexa católica, como se contempla en devanditos Acordos e consecuentemente a iso se elimine do IRPF (imposto da renda) a casa de asignación á igrexa católica.

4- Que se inste ás Cortes Xerais que fagan as modificacións pertinentes na Lei de Facendas locais, na Lei de mecenado e Fundacións e outras normas locais e leis estatais e autonómicas, para evitar inxustificables exencións do IBI e doutros impostos á igrexa católica e a outras entidades xurídicas.

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por once votos a favor (8 do PS de G-PSOE, 2 do BNG e 1 da AER) e dez en contra (PP) acordou aprobar nos seus propios termos a moción de AER transcrita, xunto coas enmendadas presentadas polo BNG e polo PSdeG-PSOE polo que o acordo queda como segue:**

**1- Que se inste a modificar o artigo 62 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 e se suprima a exención do IBI nos bens inmobles propiedade da igrexa católica. Mentres non se suprima a citada exención, deberase establecer nos Orzamentos Xerais do Estado compensacións aos concellos polos beneficios fiscais concedidos á Igrexa Católica.**

**2-Que se faga un censo, neste municipio, dos bens inmobles rústicos e urbanos que están censados e rexistrados a nome da igrexa católica e doutras confesións relixiosas, así como das súas entidades e asociacións afíns.**

**3-Que se inste ao Parlamento Español a que se derroguen (ou se incumpran) os Acordos do Estado español coa Santa Sé, especialmente o de Asuntos Económicos, xa que esta entidade relixiosa incúmpreos, obrigando á autofinanciación da igrexa católica, como se contempla en devanditos Acordos e consecuentemente a iso se elimine do IRPF (imposto da renda) a casa de asignación á igrexa católica. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Congreso dos Deputados a revisión dos Acordos Estado-Santa Sé, co obxectivo de eliminar os privilexios da Igrexa Católica.**

**4- Que se inste ás Cortes Xerais que fagan as modificacións pertinentes na Lei de Facendas locais, na Lei de mecenado e Fundacións e outras normas locais e leis estatais e autonómicas, para evitar inxustificables exencións do IBI e doutros impostos á igrexa católica e a outras entidades xurídicas.**

**5- Ademáis tendo en conta que a Lei Hipotecaria arrastra uns privilexios a favor da Igrexa Católica, tributario e formal que se corresponde máis con épocas pasadas, hoxendía**

**carentes de xustificación, e considerando que o artigo 206 da Lei Hipotecaria equipara a Igrexa Católica coas Administracións territoriais e Corporacións de dereito público, facúltandoas para emitir os seus propios certificados de dominio en ausencia de título escrito de dominio, que resulta contrario a súa natureza xurídica e ao principio de aconfesionalidade do Estado, se acorda instar ó Goberno do Estado para que promova nas Cortes Xerais a modificación do artigo 206 da LH e 340 do seu Regulamento a fin de eliminar os privilexios que se conservan nesta lexislación en beneficio da Igrexa Católica.**

**6- Enviar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado, portavoces no Parlamento Galego e Congreso dos Deputados.**